

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS E MOBILIDADE DO 20 DE XANEIRO DE 2023.

PRESIDENTE: DON GREGORIO AGÍS GÓMEZ substituíndo a Don Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo

VOGAIS:

DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA
 DON SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ
 DON GORKA GÓMEZ DÍAZ
 DON CARLOS LÓPEZ FONT
 DON MANUEL GONZÁLEZ MARTÍNEZ
 DONA ANA LAURA IGLESIAS GONZÁLEZ
 DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS
 DON MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
 DON JORGE CUBELA LÓPEZ
 DON JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ
 DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ
 DON IGNACIO MARIL PARDO
 DON JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
 DON JAVIER TOURÍS ROMERO
 DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA substituíndo a Don Uxío Benítez Fernández.

Sendo as doce horas e catorce minutos do día 20 de xaneiro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas Viarias e Mobilidade.

Preside a sesión D. Gregorio Agís Gómez e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral, Gabriel Rodríguez Alonso, xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.-Aprobación da acta da sesión anterior (16 de decembro de 2022).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión de 16 de decembro de 2022.

2.- Aprobación inicial do proxecto construtivo da obra de "Recuperación de espazos públicos e mellora da mobilidade peonil na estrada E.P. 8005 (Rúa do Parque / travesía dona Urraca). Caldas de Reis" e expediente de expropiación (Exp.2023000960).

A Comisión ditamina favorablemente o expediente, por unanimidade dos presentes.

3.- Rogos e preguntas.

Neste punto toma a palabra o portavoz do Grupo do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, e pregunta sobre que prazos se manexan respecto da tramitación dos proxectos de expropiación de Almofrei (Ensanche e mellora da EP 0405, do PQ 0+000 ao PQ 1+500, no concello de Cerdedo Cotobade) e de Quireza (Ensanche e mellora da seguranza viaria na EP 7102 Serrapio – Portela, do PQ 1+950 ao PQ 3+150, no concello de Cerdedo Cotobade), contestando o Presidente da Comisión que se lle dará resposta por escrito á pregunta formulada.

E non habendo máis asuntos que tratar o presidente levanta a sesión sendo as doce horas e quince minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

